

*Orde do 12 de maio de 2010 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de axudas destinadas á programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2010, convocadas pola Orde do 28 de decembro de 2009.*

A Orde do 28 de decembro de 2009 (DOG nº 253, do 30 de decembro) establece na súa disposición adicional cuarta que se poderán ditar resolucións complementarias cando existan fondos provenientes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas, de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado ou doutros remanentes dos módulos.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 28 de decembro de 2009, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron concedidas

### DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2009, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010:

Aplicación	Proxecto	Importe (€)
12.05.323A.460.1	200901008	132.248,16
12.05.323A.471.0	200901008	119.392,50
12.05.323A.481.0	200901008	152.846,67
12.05.323A.471.0	201000817	2.900.000,00
12.05.323A.481.0	201000817	3.600.000,00

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

### Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2010.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*Resolución do 14 de abril de 2010 pola que se publica o plan de estudos de graduado ou graduada en Humanidades.*

Obtida a verificación do plan de estudos polo Consello de Universidades, logo do informe favorable da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, así como a autorización da Comunidade Autónoma de Galicia, e establecido o carácter oficial do título por acordo do Consello de Ministros do 30 de outubro de 2009 (publicado no BOE do 5 de xaneiro de 2010 por resolución do secretario de Estado de Universidades do 13 de novembro de 2009).

Esta reitoría, de conformidade co disposto no artigo 35.4º da Lei orgánica 6/2001, de universidades, na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, resolve publicar o plan de estudos conducente á obtención do título oficial de graduado ou graduada en Humanidades, que quedará estruturado segundo consta no anexo.

A Coruña, 14 de abril de 2010.

José María Barja Pérez  
Reitor da Universidade da Coruña

### ANEXO

#### Plan de estudos do título de graduado ou graduada en Humanidades

##### 1. Distribución do plan de estudos en créditos ECTS.

Tipo de materia	Créditos
Formación básica (FB)	60
Obrigatorias (OB)	132
Optativas (OP)	36
Prácticas externas (PE)	6
Traballo fin de grao (TFG)	6
Créditos totais	240

##### 2. Créditos de formación básica. Distribución en materias.

Rama de coñecemento	Materia	Materias vinculadas	ECTS	Curso
Artes e Humanidades	Antropoloxía	Introdución á antropoloxía sociocultural	6	1
		Introdución á historia	6	1
Artes e Humanidades	Xeografía	Xeografía humana	6	1
		Informática	6	1
Enxeñaría e Arquitectura	Informática	Informática aplicada	6	1
		Biblioteconomía e documentación	6	1
Ciencias Sociais e Xurídicas	Filosofía	Fundamentos de teoría e xestión da información	6	1
		Sistema do coñecemento: filosofía, ciencia e tecnoloxía	6	1
Artes e Humanidades	Socioloxía	Socioloxía	6	1
		Biblioteconomía e documentación	6	1
Ciencias Sociais e Xurídicas	Empresa	Xestión de empresas e institucións culturais	6	1
		Idioma moderno	6	1
Artes e Humanidades	Literatura	Inglés aplicado	6	1
		Literatura española	6	1